



### XUNTA DE GALICIA

#### XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLARÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN DE LUGO. SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS

##### *Anuncio*

**Acordo do 4 de setembro de 2023, da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Industria e Innovación de Lugo, polo que se someten a información pública o proxecto de explotación, o estudo de impacto ambiental e o plan de restauración, achegados xunto coa solicitude de outorgamento da autorización de aproveitamento de recursos mineiros da sección A) denominada "Pereiro" número 365, presentada por Áridos Besteiro, S.L. e situada no termo municipal de Castroverde, na provincia de Lugo**

En cumprimento do disposto no artigo 23 da Lei 3/2008, de ordenación da minería de Galicia, no artigo 36 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e no artigo 6 do Real Decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras, sométese ao trámite de información pública o proxecto de explotación, o estudo de impacto ambiental e o plan de restauración, achegados xunto coa solicitude de outorgamento da autorización de aproveitamento de recursos mineiros da sección A) denominada "Pereiro" número 365, presentada por Áridos Besteiro, S.L. e situada no termo municipal de Castroverde, na provincia de Lugo.

O que se fai público facendo constar que, durante o prazo de trinta (30) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia, o proxecto de explotación, o estudo de impacto ambiental e o plan de restauración atópanse dispoñibles ao público, para a súa consulta, no Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Industria e Innovación de Lugo, e no portal web da dita Consellería <https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/entramitacion/explotacions-mineiras>. As posibles alegacións presentaranse durante o prazo sinalado, dirixidas ao xefe territorial, en calquera das oficinas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lugo, 4 de setembro de 2023.- O xefe territorial de Lugo, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 2946

### CONCELLOS

#### GUNTÍN

##### *Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión de data 15/09/2023, a modificación do Orzamento Xeral para o exercicio económico de 2.023, para incluír subvención nominativa sen incremento na contía global das subvencións nominativas, en cumprimento do disposto no art. 169.1 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e disposicións concordantes, exponse ao público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles, que empezarán contarse dende o seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, a fin de que durante o mesmo se poidan formular as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas á Sra. Alcaldesa-Presidenta desta Corporación.

Guntín, 18 de setembro de 2.023.- A Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 2937

## OUTEIRO DE REI

### *Anuncio*

#### Convocatoria de Axudas á Escolarización 2023/2024.-

Dende fai algúns anos, e con soporte no xa derogado artigo 28 da Lei 7/1985, de 2 de abril, o concello ven convocando anualmente a concesión de axudas á escolarización de nenos, identificando como gasto subvencionable o material escolar vencellado á escolarización obrigatoria.

O artigo 28 foi derogado pola Lei 27/2013, de racionalización e sostenibilidade de administración local, se ben o artigo 3.3.b. da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, permite seguir a prestar a actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, cal é o caso das axudas á escolarización.

Por todo elo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

Aprobar a seguinte convocatoria de axudas á escolarización:

#### Primeiro: Obxecto e condicións da concesión da subvención:

A presente convocatoria ten por obxecto o fomento da escolarización dos nenos veciños de Outeiro de Rei, mediante a financiación da compra de material escolar destinado ó curso escolar 2023-2024.

A tal fin, unicamente serán subvencionables os gastos de escolarización cuxa realización se xustifique mediante recibo do colexio firmado e selado donde estea matriculado o interesado e/ou factura orixinal expedida durante o presente ano 2023 e ata o remate do prazo de presentación de solicitudes.

Os gastos de escolarización subvencionables serán os seguintes: cadernos de exercicios, bolígrafos, lápices ou demais material gráfico; bolsas, mochilas e outros elementos de transporte de material escolar; dicionarios; atlas; libros; libretas; e outros materiais directamente relacionados co desenvolvemento de actividades formativas escolares.

#### Segundo: Crédito orzamentario.

A presente convocatoria implica unha autorización de creto de 10.000 euros, a imputar a partida orzamentaria 326.48, do estado de gastos do Orzamento Xeral do Concello de Outeiro de Rei para o exercicio 2023.

#### Terceiro: Procedemento de outorgamento.

O outorgamento das subvencións terá carácter regrado, non existindo concorrencia competitiva entre os solicitantes. O outorgamento da subvención verá dado, exclusivamente, pola acreditación dos requisitos a que se fai referencia no artigo seguinte.

O órgano competente para o outorgamento da subvención será a Xunta de Goberno Local do Concello de Outeiro de Rei.

O prazo para dictar e notificar a resolución do procedemento é de tres meses, que comezará a computar dende o día seguinte ó da finalización do prazo de presentación de solicitudes. Unha vez transcorrido o citado prazo sen que se dictare e notificare a resolución definitiva, as solicitudes poderán entenderse desestimadas por silencio administrativo.

Contra a denegación por silencio administrativo da solicitude, o interesado poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante a Xunta de Goberno Local deste Concello no prazo de tres meses a contar dende o día seguinte ó que se produzan os efectos do silencio ou ben, interpoñer directamente recurso contencioso administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo de Lugo, no prazo de seis meses a contar dende o día seguinte ó que se produzan os efectos do silencio.

No caso de insuficiencia do creto autorizado para atender as solicitudes presentadas, o outorgamento das axudas farase por orde de presentación da solicitude no rexistro xeral da entidade, ata o agotamento do creto consignado.

A publicación dos sucesivos actos do procedemento se realizará mediante a exposición de anuncios no taboeiro de edictos do Concello.

#### Cuarto: Requisitos dos beneficiarios.

Os beneficiarios das axudas deberán:

- Estar empadroados no Concello de Outeiro de Rei.
- Estar cursando estudos de educación infantil de 2º ciclo, educación primaria, educación secundaria obrigatoria (E.S.O.) (P.C.P.I.), bacharelato, formación profesional de grado medio, ensinanza profesional de artes plásticas e deseño de grado medio, e as ensinanzas deportivas de grao medio.

- Non obter axudas para o mesmo fin de outras administracións públicas. Non poderán ser obxecto de axuda as actividades subvencionadas no mesmo exercicio, a través doutras convocatorias de subvencións doutras AAPP, cando o importe destas últimas cubra o 100% da actividade para realizar. En caso contrario, poderá ser subvencionable e complementado o importe da actividade na contía restante ata chegar ao total do importe da actuación.

Quinto: Prazo de presentación de solicitudes e documentación a presentar polos solicitantes.

Os solicitantes das axudas deberán presentar nas oficinas municipais, no prazo máximo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI de tódolos membros da unidade familiar.
- Fotocopia compulsada de tódalas follas do libro de familia.
- Última declaración da renda ou, no caso de non presentala, certificado negativo da delegación de economía e facenda.
- Declaración xurada de outras axudas obtidas para a adquisición de libros de texto.
- Certificado de estar o corrente nas obrigas tributarias municipais.
- Certificado do centro escolar no que conste matriculado o interesado.
- Facturas orixinais que acrediten o gasto realizado, e/ou recibo do colexio firmado e selado donde estea matriculado o interesado.

Sexto: Criterios obxetivos de concesión das axudas.

As axudas determinaranse mediante a aplicación dos seguintes baremos, de xeito que, en función da renda acreditada da unidade familiar (cando presentase declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio 2.022, sumaranse a base imponible xeral "recadro 435" e a base imponible de aforro "recadro 460"; cando non presentase, sumaranse os ingresos netos obtidos durante o exercicio 2.022), subvencionarase por cada fillo (e en función do número de fillos que integren dita unidade familiar) o porcentaxe fixado da contía total xustificada.

NIVEL DE RENTA NUMERO DE FILLOS.

	1 fillo	2 fillos	3 fillos ou máis	
Ata 15.000 euros			60%	70%
De 15.000,01 a 25.000 euros			50%	60%
De 25.000,01 a 35.000 euros			40%	50%
				80%
				70%
				60%

A contía máxima xustificada por beneficiario non poderá superar a cantidade de 350 euros.

Non obstante, no caso de que os beneficiarios cursen estudos de bacharelato, formación profesional de grado medio, ensinanza profesional de artes plásticas e deseño de grado medio, e as ensinanzas deportivas de grao medio, a contía máxima xustificable será de 400 euros.

Outeiro de Rei, 14 de setembro de 2023.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 2933

## PARADELA

### Anuncio

Con data 07 de Xullo de 2023 recibíuse do Xulgado de Paz de Paradela o **Auto favorable** do Rexistro Civil de Lugo (Lugo), para a celebración do matrimonio civil entre **D. Ricardo Moreno Benitez, con D.N.I \*\*.\*92.\*\*\*-J e D<sup>a</sup>. Silvia López Fernández, con D.N.I \*\*.\*29.\*\*\*-C.**

Achégase a comunicación con toda a documentación necesaria para que o Alcalde autorice e celebre o matrimonio civil entre os interesados, os cales solicitaron ante o Rexistro Civil de Lugo que o casamento se celebrará ante o Alcalde de Paradela (Lugo), ou persoa na que delegue.

En virtude do artigo 51 e seguintes do Código Civil, así como os artigos 23.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, apartados 3 e 4 do artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e 43 e 44 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais.

**Polo presente RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Autorizar o matrimonio civil entre **D. Ricardo Moreno Benítez, con D.N.I \*\*.\*92.\*\*\*-J e D<sup>a</sup>. Silvia López Fernández, con D.N.I \*\*.29.\*\*\*-C**, e delegar a miña competencia para a celebración deste casamento no Concelleiro desta corporación **D. Iván Castro Díaz**.

**SEGUNDO.** Fixar a celebración do matrimonio para o día **30 de setembro de 2023, ás 13:00 horas no Restaurante Río Loio, sito en San Xoán de Loio s/n, de Paradela (Lugo)**.

**TERCEIRO:** Notificar aos interesados a autorización do matrimonio e o día e hora na que se vai a celebrar o matrimonio civil, notificar ao Concelleiro D. Iván Castro Díaz a delegación deste casamento e publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao ditado do presente Decreto.

**CUARTO:** Dar conta da presente Resolución ao Concello Pleno, na primeira sesión que celebren, aos efectos correspondentes.

Paradela, 18 de setembro de 2023.- Mándao e asíno o Sr. Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz

R. 2938

---

**RÁBADE***Anuncio*

Por resolución da Alcaldesa do Concello de Rábade de data **11 de setembro** prestouse aprobación ao Padrón da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes **de agosto de 2023**, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, 11 de setembro de 2023.- A Alcaldesa, María Remedios González Cabarcos.

R. 2934

---

*Anuncio*

Padrón Tributario da Taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e recollida de lixo do 4º bimestre do 2023.

Por Decreto da Alcaldía de data 29 de agosto de 2023, aprobouse o Padrón Tributario da Taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e lixo, correspondente ó 4º bimestre do 2023, cuxo importe total ascende á cantidade de 95.125,90 (noventa e cinco mil centovinte e cinco con noventa) euros, así como a apertura dun período de información pública polo prazodun mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 29 de agosto do 2023 ao 6 de novembro de 2023.

Contra o acto de aprobación do padrón da taxa prestación do servizo de augas, sumidoiro e lixo e das liquidacións incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazodun mes contado desde o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente.

Transcorrido o período de pago en período voluntario as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento a través do servizo provincial de recadación correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) da Xunta de Galicia, no prazodun mes desde o día seguinte ao remate de exposición pública do padrón.

A falta de pagamento en período voluntario do canon de augas suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Rábade, 31 de agosto de 2023.- A ALCALDESA, Remedios González Cabarcos.

R. 2935

## O VALADOURO

### *Anuncio*

#### **BASES PARA O REPARTO DE 25 COMPOSTEIROS INDIVIDUAIS DE 400 LITROS DO PROGRAMA DE COMPOSTAXE DOMÉSTICA DE SOGAMA**

##### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

O obxecto das presentes bases é establecer as normas de reparto de 25 composteiros individuais de 400 litros doados por SOGAMA dentro do seu Programa de Compostaxe Doméstica ás familias do Concello de O Valadouro.

##### **SEGUNDA.- REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES**

1. Ser maior de 18 anos.
2. Estar empadroadado/a no Concello de O Valadouro.
3. Atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias (AEAT, Xunta de Galicia e Concello de O Valadouro ) e coa Seguridade Social.
4. Dispoñer de unha vivenda con terreo dedicado a hortas ou cultivos, de finca dedicada a horas ou cultivos no Concello de O Valadouro ou de terreo que permita a colocación e uso correcto do composteiro.
5. Aceptar as medidas de seguimento e control establecidas nestas Bases.

##### **TERCEIRA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

1. As solicitudes de composteiros faranse mediante instancia dirixida ao Concelleiro delegado de Medio Ambiente, Servizos Municipais, Turismo, Comercio Industria e Enerxía, no modelo ANEXO I que se facilitará no Rexistro Xeral da Corporación ou na sede electrónica deste Concello, na que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na base segunda.
2. As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello do Valadouro, na Sede Electrónica ou nos lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de dez días (10) días hábiles contados dende o día seguinte da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/15, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
3. No caso de non solicitarse a totalidade dos composteiros dispoñibles o prazo de solicitude permanecerá aberto ata o esgotamento de existencias.
4. A solicitude (ANEXO I) irá acompañada da seguinte documentación:
  - Copia do Documento Nacional de identidade ou documento identificativo.
  - Certificado de empadramento (non será preciso aportalo no caso de que se autorice a súa consulta).

##### **CUARTA.- CRITERIOS DE REPARTO DOS COMPOSTEIROS**

Rematado o prazo de solicitude dos composteiros, procederase a valorar todas as solicitudes recibidas.

Nesta convocatoria teñen prioridade as persoas solicitantes que non houbesen recibido un composteiro con anterioridade por parte do Concello de O Valadouro no Programa de Compostaxe Doméstica de SOGAMA.

Para proceder ao reparto dos composteiros, elaborárase unha lista de solicitantes seguindo os seguintes criterios para o reparto dos 25 composteiros:

1. Os composteiros repartiranse segundo a seguinte orde de preferencia.
  - 1.1.Orde de recepción de solicitude.
  - 1.2.Persoas que vivan nunha vivenda con terreos dedicados a hortas ou cultivos.
  - 1.3.Persoas que dispoñan de terreos dedicados a hortas ou cultivos.
  - 1.4.Acreditación na necesidade do composteiro.
2. As persoas que houbesen recibido un composteiro anteriormente por parte do Concello de O Valadouro e que desexen solicitar outro composteiro pasarán a formar unha lista de reserva para o caso de que as solicitudes

de composteiros contempladas no punto 1 sexa inferior a 25, a cal funcionará co seguinte orde de prioridade:

2.1.Orde de recepción de solicitude.

2.2.Acreditación da necesidade do composteiro.

3. Esgotada a lista de solicitantes contemplada no punto número 1, procederase a realizar o reparto de composteiros por orde da lista de reserva contemplada no punto número 2.

4. No caso de que o número total de solicitudes incluídas no punto número 1 e no punto número 2 sexa inferior a 25 o prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto ata o esgotamento de existencias.

5. Se algún solicitante renuncia ao composteiro concedido, procederase a realizar a entrega ao seguinte solicitante que conste la lista.

6. So se admitirá unha solicitude por unidade familiar, non podendo concederse máis de un composteiro por vivenda.

#### **QUINTA.- INSTRUCCIÓN E TRAMITACIÓN DO PROCEDIMENTO**

1. As solicitudes reguladas nas presentes Bases deberán conter toda a documentación que nas mesmas se regula.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación esixida, requirirase á persoas solicitante para que no prazo de 10 DÍAS HÁBILES emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixese, se considerará desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos.

2.- Aprobación da convocatoria:

A convocatoria de solicitudes de composteiros será aprobada pola Xunta de Goberno Local do Concello de O Valadouro.

O procedemento de resolución que se xestiona a través da convocatoria correspondente, axustarase aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

O procedemento de concesión será realizado segundo os criterios enumerados na Base Cuarta.

3.- Instrución:

A instrución do procedemento corresponderá a un/unha funcionario/a designado pola Xunta de Goberno Local, que ditará o Informe-Proposta de Resolución debidamente motivada, que en cada caso proceda e que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos que se debe formular a proposta de resolución.

A proposta de resolución provisional realizada polo órgano instrutor, deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión de composteiros, especificando a valoración de favorable ou desfavorable. Esta proposta elevarase á Concellería de Medio Ambiente, Servizos Municipais, Turismo, Comercio Industria e Enerxía, quen emitirá proposta de Resolución Provisional que se fará pública aos interesados a través do taboleiro de anuncios, sede electrónica e na páxina web do Concello, dando un prazo de dez días hábiles para presentar alegacións.

4.- Resolución:

Informadas as alegacións que se presenten polo órgano instrutor por este elevarase a proposta de resolución definitiva, que deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión do composteiro.

A resolución de concesións indicará a data e lugar no que se procederá á entrega dos composteiros.

A resolución notificarase aos interesados por publicación no taboleiro de anuncios, sede electrónica e páxina web.

Prescindirase deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos ou outras alegacións e probas que as aducidas polas persoas interesadas. Neste caso, a proposta de resolución provisional formulada terá o carácter de definitiva.

As propostas de resolución provisionais e definitivas non crean ningún dereito a favor da persoa beneficiaria proposta, fronte á administración, mentres non se lle notificara a resolución definitiva de concesión.

A competencia para coñecer e resolver as solicitudes corresponderá ao Concelleiro delegado de Medio Ambiente, Servizos Municipais, Turismo, Comercio Industria e Enerxía.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non excederá de SEIS MESES e se computa a partir da publicación da correspondente convocatoria.

**SEXTA.- MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN**

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión dos composteiros poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e eventualmente á súa revogación e reintegro, se fose o caso.

**SÉTIMA.- ENTREGA DOS COMPOSTEIROS**

Unha vez notificada a resolución de concesión, procederase a realizar a entrega dos composteiros no lugar, data e hora indicados na mesma ás persoas beneficiarias dos mesmos.

**OITAVA.- OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS**

1. Dedicar o composteiro ao reciclaxe de biorresiduos e fabricación de compostaxe, finalidade para a cal foi concedido.
2. Conservar o composteiro na vivenda ou finca para a cal foi concedido, sen posibilidade de traslado ou cesión a un terceiro.
3. Comunicar ao Concello de O Valadouro calquera dano ou incidencia no composteiro.
4. A presentación da solicitude obriga ó solicitante á aceptación das Bases que rexen o procedemento.
5. Someterse ás medidas de control indicadas na Base novena.

**NOVENA.- MEDIDAS DE SEGUIMENTO E CONTROL**

As persoas solicitantes que resulten beneficiarias da entrega dun composteiro deberán someterse ás seguintes medidas de seguimento e control:

6. Someterse a un seguimento no uso do composteiro durante un prazo de 3 anos a contar dende a data de entrega.
7. Someterse a visitas de control, previo aviso, por parte de persoal do Concello de O Valadouro na vivenda ou finca para a cal foi concedido o composteiro

**DÉCIMA.- FIN DA VÍA ADMINISTRATIVA**

O acto de resolución da concesión esgota a vía administrativa, podendo interperse recurso potestativo de reposición no prazo de un mes, ou ben directamente contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

## ANEXO I

## SOLICITUDE DE COMPOSTEIRO DO PROGRAMA DE COMPOSTAXE DOMÉSTICA DE SOGAMA.

<b>Apelidos:</b>	
<b>Nome:</b>	
<b>D.N.I.:</b>	
<b>Domicilio a efectos de notificación en:</b>	
<b>C.P.:</b>	<b>Localidade:</b>
<b>Teléfonos:</b>	<b>Correo electrónico:</b>

**DOCUMENTACIÓN A APORTAR:**

	Fotocopia do Documento Nacional de identidade ou documento identificativo
	Certificado de empadramento

- Declaro que me atopo ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias (AEAT, Xunta de Galicia e Concello de O Valadouro ) e coa Seguridade Social.
- Autorizo ao Concello de O Valadouro para obter os datos de empadramento e situación de estar ao corrente co Concello de O Valadouro.
- Emito autorización expresa ó Concello de O Valadouro para solicitar e obter de organismos públicos ou privados que se consideren oportunos a información necesaria para resolver a adjudicación dos composteiros, así como a súa posterior verificación, control e, no seu caso, reintegro.
- Comprométome a cumprir coas Bases reguladoras do procedemento.
- Acepto as medidas de seguimento e control establecidas nestas Bases.

**DATOS DA VIVENDA**

	SI	NON	OBSERVACIÓNS
<b>Vivenda Habitual</b>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
<b>Segunda residencia</b>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
<b>Existencia de parcela</b>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
<b>Existencia de horta ou cultivos</b>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
<b>Existencia de animais domésticos</b>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	



<b>Animais domésticos</b>	Vacas	SI	NON	<b>INDICAR NÚMERO</b>
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
	Porcos	SI	NON	
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
	Cabalos	SI	NON	
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
	Ovellas	SI	NON	
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
	Cabras	SI	NON	
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
	Aves	SI	NON	
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
	Cans	SI	NON	
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
	Outros	SI	NON	
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	

En O Valadouro, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asdo.:

De acordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RGPD), informámolo de que o responsable de tratamento dos seus datos persoais é o Concello de O Valadouro con dirección en C/ Feira Nova, 1, CP 27770, O Valadouro. (Lugo). Os seus datos persoais serán empregados para a xestión do expediente administrativo solicitado por vostede a través do presente formulario. La lexitimación para o tratamento dos seus datos persoais é o cumprimento dunha obriga legal. Os datos persoais cederanse cando exista una obriga legal para cedelos. Vostede ten dereito a acceder, rectificar o suprimir os seus datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar na oficina da entidade sita en la dirección arriba indicada ou ben solicitándoa a través da sede electrónica do Concello: <https://valadouro.sedelectronica.es/info.0>

**SR. CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO AMBIENTE, SERVIZOS MUNICIPAIS, TURISMO, COMERCIO, INDUSTRIA E ENERXÍA.**

O Valadouro, 20 de setembro de 2023.- A alcaldesa, María Jose Fernández Díaz.

R. 2939

XOVE  
*Anuncio*

**Resolución de aprobación da lista DEFINITIVA de admitidos e excluídos do proceso selectivo para o ingreso como persoal funcionario/a de carreira de unha (1) praza de auxiliar administrativo, polo sistema de oposición libre do concello de Xove, incluída na oferta de emprego público do concello de Xove para o ano 2020**

Mediante Resolución de Alcaldía núm. 2023-1074 de data 18.09.2023 foi aprobada a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos da convocatoria para o proceso selectivo excepcional para o ingreso como persoal funcionario/a de carreira de unha (1) praza de auxiliar administrativo, polo sistema de oposición libre do concello de Xove, incluída na oferta de emprego público do concello de Xove para o ano 2020, co seguinte alcance:

<u>ADMITIDOS/AS</u>	<u>DNI</u>
LUCÍA PEDRIDO RODRÍGUEZ	XXX730XXX
NANCY ANDIÓN PENA	XXX482XXX
MIGUEL ÁNGEL SOUTO MATO	XXX392XXX
SILVIA RODRÍGUEZ BARREIRO	XXX944XXX
MARTÍN CASTELO SOBRINO	XXX940XXX
JOSÉ FELICIANO RODRÍGUEZ DÍAZ	XXX940XXX
ALICIA ISABEL MÉNDEZ RODRÍGUEZ	XXX948XXX
COVADONGA GONZÁLEZ VALE	XXX696XXX
NOELIA ARTIME LÓPEZ	XXX543XXX
JUAN JOSÉ CASTEDO REY	XXX562XXX
RAMÓN FERREIRO FUENTES	XXX335XXX
DAVID RIOJA MIGUEZ	XXX454XXX
PURIFICACIÓN NOVOA FERNÁNDEZ (SIN CELGA 3)	XXX860XXX
MARÍÑA LÓPEZ VARELA	XXX383XXX
XIANA OTERO ABAD	XXX836XXX
MAGDELIS YURIBETH ARRIBAS CASADIEGO	XXX917XXX
MARTÍN CASTELO SOBRINO	XXX940XXX
JOSÉ FELICIANO RODRÍGUEZ DÍAZ	XXX940XXX
ANTÍA RODRÍGUEZ CONSTELA	XXX603XXX

SONIA VIDAL CERVO	XXX803XXX
BRAIS CALLES ALONSO	XXX653XXX
ÁLVARO ESCARIZ CAMOIRA	XXX482XXX
BORJA ARIAS MAS	XXX561XXX
RUBÉN PÉREZ LOBERA	XXX970XXX
ELIA JANET LÓPEZ GRANDE	XXX658XXX
AITANA PARADELA NOVOA	XXX924XXX
DIEGO LÓPEZ DÍAZ	XXX831XXX

<u>EXCLUIDOS/AS</u>	<u>DNI/NIE</u>	<u>Causa/s motivadora/s da exclusión:</u>
IBÁN LÓPEZ LÓPEZ	XXX643XXX	- Non aporta copia da titulación académica esixida. - Non presenta, copia dos documentos acreditativos da nacionalidade da persoa aspirante.
JESÚS CANOURA LÓPEZ	XXX986XXX	- Non presenta, copia da titulación académica esixida. - Non presenta, no seu caso, certificado acreditativo de esta en posesión do Celga 3 ou equivalente.

Finalmente, convocar aos membros do Tribunal aos efectos da súa constitución para as 09:00 horas do día **23 de outubro de 2023**, así como, a todos os/as candidatos/as admitidos/as, as 10:00 horas do mesmo día, na aula de Formación do Concello de Xove, aos efectos de celebrar o primeiro exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio definido na cláusula 11.2.1 das bases reguladoras do proceso selectivo.

Xove, 18 de setembro de 2023.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 2940

## MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO

### *Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente número: **A/27/24155**

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas.

Peticionario: COMUNIDAD DE USUARIOS DE BOUCISCA

Nombre del río o corriente: Fonte da Paradiña

Caudal solicitado: 6.000 l/día

Punto de emplazamiento: Parcela 114 del polígono 160, Boucisca

Término Municipal y Provincia: A Fonsagrada (Lugo)

Destino: Uso doméstico sin consumo humano y uso ganadero.

#### BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS:

Arqueta de captación y conducción por tubería hasta dos depósitos de 5 m<sup>3</sup> de capacidad cada uno.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial del Principado de Asturias, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado

plazo, en el **Ayuntamiento de A Fonsagrada**, o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 29 de agosto de 2023.- EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES, Pedro Granda Rodríguez

R. 2793

---

## CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

### *Anuncio*

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA**

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE: **V/27/01588**

PETICIONARI: Oliva Valle Paz

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en A Bouza nº3

LOCALIDAD: A Bouza nº3, Quende (Santiago de)

TÉR.M. MUNICIPAL: Abadín

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Gontán/Gontán

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en A Bouza nº3" - "Oliva Valle Paz", con un volumen máximo anual de 66 m3.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Fosa séptica
- Arqueta de toma de muestras
- Pozo filtrante

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 14 de septiembre de 2023.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 2936